



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 16 DE MARZO DE 2026.

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día dezaseis de marzo de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario.

Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ-LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 20 DE FEBREIRO DE 2026.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 20 de febreiro de 2026.

2.- SUBVENCIÓN MELLORA INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 2026.- Dase conta da Resolución do 20 de febreiro de 2026, da Axencia de Turismo de Galicia, de subvencións para mellora de infraestruturas turísticas en concellos para o ano 2026.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan solicitar subvención para o proxecto denominado “Mellora de infraestruturas turísticas no Concello de Beade”, cun orzamento de 16.800,74 €.

3.- APROBACIÓN PADRÓN COBRATORIO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES 2026.- Remitida pola A.E.A.T. o Padrón do Imposto sobre Bens Inmoables (rústica e urbana) correspondiente ao exercicio do 2026, comprensivo dos valores catastrais, e en atención a ordenanza fiscal reguladora do imposto, procedeuse a confección do padrón cobratorio e exposición pública.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o Padrón cobratorio do IBI urbana 2025.

4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.- Dase conta do escrito presentado por D. Xacobo Guntín Barreiro, en representación da Comisión de Festas de Beade, solicitando axuda económica para as Festas de San Blas e da Vendima 2026.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan conceder unha axuda económica por importe de 150,00 € para cada festividade.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro